VIQUEIRA ALLO ANGELA - 79326618D
Firmado digitalmente por VIQUEIRA ALLO ANGELA - 79326618D
Fecha: 2020.12.03 13:43:59 +01'00'

**CONCELLO DE DODRO**

# MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº4 DO PXOM DE DODRO




## APROBACIÓN INICIAL

## ANEXO I

DILIXENCIA, para facer constar que a aprobación inicial da Modificación Puntual N.º 4 do PXOM de Dodro tivo lugar por acordo do Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020.
A secretaria-interventora, Angela María Viqueira Allo

POLÍGONO DO TAMBRE - VÍA LA CIERVA, Nº 15
15890 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 57 07 70 - Fax: 981 57 01 11
e-mail: estudiotg@estudiotg.es

***ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.***

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº4 DO PXOM DE DODRO

**ÍNDICE**

**APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE DODRO............................3**

**1.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE 3**

DILIXENCIA, para facer constar que a aprobación inicial da Modificación Puntual N.º 4 do PXOM de Dodro tivo lugar por acordo do Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020.
A secretaria-interventora, Angela María Viqueira Allo

## APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE DODRO

### 1.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DE ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

O obxectivo do presente documento é a modificación puntual do PXOM de Dodro coa finalidade de corrixir erros detectados na cartografía empregada, no referido a incorrecta grafiación de certos camiños e que repercute directamente nas aliñacións fixadas.

Os efectos ambientais previsibles son os seguintes:

- **Solo.** A modificación puntual, non implica un incremento de consumo de solo rural, polo que a modificación puntual non terá efectos negativos sobre esta variable.
- **Paisaxe.** A modificación puntual non terá efectos previsibles sobre esta variable.
- **Natureza.** A área de actuación da modificación puntual non se atopa inmersa en ningún espazo natural protexido, polo que tampouco se esperan efectos significativos sobre esta variable.
- **Patrimonio.** As modificacións da anulación ou recoñecemento dos viais non teñen efectos negativos sobre ningún elemento incluído no catálogo do PXOM.
    - o camiño da Igrexa atópase dentro do contorno de protección dos elementos AR-04 e AC-02, non en tanto o camiño xa existe, unicamente se procede ao seu axuste.
    - a modificación do camiño no núcleo de Rial de Lagoa atópase dentro do contorno de protección dos elementos CP-13 e CP-14, non en tanto, a modificación conleva a anulación do camiño, polo que en todo caso ten efectos positivos.
    - a modificación do camiño en Revixós está incluída no contorno de protección do elemento CR-12, non en tanto non supón afección sobre o elemento.
    - a modificación do camiño no núcleo de Tarrío, atópase incluída dentro do contorno de protección do elemento CP-56, CR-16, AC-06, CP-55 e CP-34, non en tanto a modificación reside na anulación do camiño, polo que en todo caso terá efectos positivos.
- **Sociedade e economía.** A modificación puntual non terá efectos previsibles sobre esta variable.
- **Consumo de auga.** O posible aumento do consumo de auga está relacionado co aumento de poboación do ámbito. Non se considera un aumento de vivendas polo que tampouco se considera un aumento de consumo de auga.

DILIXENCIA, para facer constar que a aprobación inicial da Modificación Puntual N.º 4 do PXOM de Dodro tivo lugar por acordo do Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020.
A secretaria interventora, Angela María Viqueira Allo

- **Verquidos.** Os verquidos que se van producir son proporcionais á auga consumida. Xa se aclarou do non aumento do consumo de auga. Polo que a modificación puntual non terá efectos negativos sobre esta variable.
- **Residuos sólidos urbanos.** Esta situación tamén se verá reflexada na xeración de residuos sólidos urbanos, cuxo aumento se considera insignificante.
- **Contaminación atmosférica derivada do tráfico.** O posible aumento de vehículos circulando polas proximidades dos núcleos rurais modificados, ao igual cas anteriores variables, considérase insignificante.
- **Contaminación lumínica.** A modificación puntual non terá efectos previsibles sobre esta variable.
- **Consumo de enerxía.** A modificación puntual non terá efectos previsibles sobre esta variables.

Como se pode comprobar, non se detectan efectos negativos sobre o medio ambiente, polo que tampouco se considera necesario prever medidas correctoras para paliar eses efectos.

Dodro, outubro de 2020

Polo equipo redactor

Isidro López Yáñez

DILIXENCIA, para facer constar que a aprobación inicial da Modificación Puntual N.º 4 do PXOM de Dodro tivo lugar por acordo do Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020.
A secretaria-interventora, Angela María Viqueira Allo